



AS ACTIVIDADES DE DIFUSIÓN DE SOFTWARE LIBRE REALIZADAS EN GALIZA EN 2006 DUPLICAN ÁS REXISTRADAS NOS ANOS 2004 E 2005

- **A Consellaría de Innovación e Industria terá impulsado ao remate do ano máis de medio cento de actividades por todo o país para difundir o software libre**

Santiago, 9 de novembro de 2006.- A Consellaría de Innovación e Industria vén desenvolvendo un importante esforzo na difusión do software libre que se ve reflectido nos datos estatísticos correspondentes ao presente exercicio 2006. Así, no que vai de ano rexistráronse un total de 49 actividades de difusión e formación no ámbito do software libre, o que representa máis do dobre das actividades rexistradas nos anos 2004 (22) e 2005 (21). A Dirección Xeral de Promoción Industrial e Sociedade da Información agarda que ao remate do ano se supere o medio cento de actividades, o que situaría ao 2006 como o ano máis activo ata o de agora no tocante á difusión do software libre.

Cómpre subliñar que as actividades desenvolvidas neste ámbito de actuación, ademais das xa tradicionais dos Grupos de Usuarios de Linux (LUG's) ou de colectivos universitarios, pasaron a ser obxecto de atención tamén por parte de concellos, asociacións empresariais ou eventos de divulgación masiva das Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC), coma por exemplo as denominadas “partys”.

Dende unha óptica máis xeográfica, moitas das actividades de promoción do software libre realízanse en vilas coma Ponteareas, A Estrada ou Rianxo, o que indica que os eventos non son exclusivos das cidades, aínda que se ben é certo percíbese unha maior inquietude no Eixo Atlántico e particularmente no sur de Pontevedra e na Coruña. Nunha análise da comunidade universitaria galega, cómpre destacar que as tres universidades do país contan con Grupos de Usuarios de Linux (LUG's) e un calendario de actividades xa consolidado.

Maior sensibilidade no sector empresarial

No tocante ao sector empresarial, comeza a percibirse o interese polo software libre coma opción tecnolóxica tanto no sector TIC (como se pode observar nas actividades do INEO ou de Eganet), coma por parte de organizacións empresariais de carácter xeralista (por exemplo a Confederación de Empresarios de Ferrol) ou órganos de promoción económica (como o SITE de Lugo).

Así mesmo, constátase unha maior actividade por parte dos LUG's, en parte polo estímulo que supuxo tanto a achega económica das Administracións coma polas sinerxias xeradas ao estimular o contacto entre as diferentes asociacións. Hai que destacar que as actividades dos LUG contan ademais cunha continuidade e periodicidade que xeran unha oferta constante de eventos ao redor do software libre niveladas ademais segundo os diferentes niveis de coñecementos dos usuarios. A día de hoxe, os LUG's están a deseñar actividades máis ambiciosas e que benefician ás PEMES, aos centros educativos e á administración local. Neste sentido e dado o cada vez máis alto nivel técnico da



comunidade galega, estanse a poder realizar obradoiros especializados de carácter tecnolóxico.

Por último, cómpre destacar que a educación é un sector no que se valora moi positivamente o emprego de software Libre por características coma o seu baixo custe, adaptabilidade e posibilidade de dispoñer del en galego. As actividades de difusión nos centros de ensino non universitario céntranse nos institutos con ciclos formativos de informática ou telecomunicacións. O software libre conta cunha importante presenza no eido da teleformación, con xornadas coma as desenvolvidas pola USC ou as de Dreitec. No ámbito da normalización lingüística a participación nos X Encontros pola Normalización Lingüística do Consello da Cultura e no Festigal, así coma a forte promoción do OpenOffice.org e o seu corrector ortográfico, situaron ao software libre coma obxecto de interese por parte dos normalizadores lingüísticos. A promoción do OpenOffice.org tivo en mancomun.org, unha das súas principais plataformas promocionais.

Mancomun.org, iniciativa galega polo software libre, foi impulsada pola Consellaría de Innovación e Industria e constitúe o primeiro portal de referencia na Administración no que conflúen as diferentes iniciativas galegas existentes neste eido ata o de agora. Mancomun.org vén de participar na SIMO 2006, a Feira Internacional de Informática, Comunicación e Multimedia máis importante de España, dentro do programa de conferencias do stand de Hispalinux. Neste foro, que ten lugar hoxe xoves, debaterase sobre o software libre nas administracións públicas e nel participarán ademais representantes de Extremadura, Andalucía, Madrid e Castela A Mancha.

SAÚDOS,
GABINETE DE COMUNICACIÓN DA CONSELLARÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA